


Nome _____ Data _____

1 Relaciona cada un destes feitos co ano en que sucederon.



2 Completa o texto con cinco palabras do recadro.

independencia
sindicato
absolutista
Constitución
liberais
pronunciamentos

Fernando VII foi un rei absolutista: suprimiu a Constitución e perseguiu os liberais. Algúns destes fuxiron de España e outros trataron de tomar o poder mediante os pronunciamentos. As colonias americanas aproveitaron a desorde política que había en España para iniciar o seu proceso de independencia.

3 Contesta.

- Quen gobernaba en Francia a comezos do século XIX? Napoleón Bonaparte.
- Que é o Motín de Aranjuez? Cando se produciu? O Motín de Aranjuez foi unha revolta popular que se produciu en marzo de 1.808 en protesta pola ocupación dalgunhas cidades españolas por parte das tropas francesas.
- A quen nomeou Napoleón rei de España? A Xosé Bonaparte.

4 Explica a diferenza entre monarquía absoluta e monarquía constitucional.


Na monarquía absoluta o rei ten todo o poder e non ten que dar contas a ninguén polos seus actos. Na monarquía constitucional o poder do rei está limitado pola Constitución.

5 Escribe unha oración relacionando estes dous personaxes.

Isabel II - Carlos María Isidro


- Estaría ben calquera na que faledes da disputa entre ambos polo trono de España ou sobre as Guerras Carlistas.

6 Observa esta liña do tempo e di por que é incorrecta.



En 1.868 non se produciu a Restauración, senón a Gloriosa.

7 Completa este esquema sobre a sociedade no século XIX.



8 Explica o que é a Revolución Industrial.

Foi unha revolución que supuxo o paso dunha economía baseada na agricultura a outra baseada na industria.

9 Escribe o nome de dous autores da Xeración do 98.

• Antonio Machado • Miguel de Unamuno

10 Cal destes edificios é unha construción modernista? Por que? Observa as imaxes e completa o texto.



O edificio A é modernista porque na súa construción destacan as curvas e formas onduladas.